



Sandiás

Anuncio

Aprobación da constitución dunha bolsa de emprego para o desempeño do posto de traballador/a social

Por Resolución da Alcaldía do 26 de setembro de 2018, aprobáronse as bases para a constitución dunha bolsa de emprego para persoas que realicen o servizo "Traballador/a social".

Duración da bolsa de emprego: durante o 2019, prorrogable por un ano máis.

Xustificación da necesidade: contratación temporal de traballador/a social durante o ano 2019, cando sexa necesario.

1. Modalidade de contratación: contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado.

2. Xornada: completa.

3. Servizo: servizos sociais, traballador/a social do Concello de Sandiás.

4. Sistema de selección: concurso de méritos.

5. Duración do contrato: segundo a necesidade da contratación.

6. Prazo e lugar para a presentación de solicitudes: 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do concello, de luns a venres en horario de 9.00 a 14.30 h.

O texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás, situado nas oficinas municipais, na páxina web (www.sandias.es) e na sede electrónica.

Os anuncios sucesivos publicaranse exclusivamente na páxina web do Concello de Sandiás, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás.

O alcalde. Asinado dixitalmente na marxe.

Anuncio

Aprobación de la constitución de una bolsa de empleo para desempeño del puesto de trabajador/a social

Por Resolución de Alcaldía de 26 de septiembre de 2018, se aprobaron las bases para la constitución de una bolsa de empleo para personas que realicen el servicio "trabajador/a social".

Duración de la bolsa de empleo: durante el 2019, prorrogable por un año más.

Justificación de la necesidad: contratación temporal de trabajador/a social durante el año 2019, cuando sea necesario.

1. Modalidad de contratación: contratación laboral temporal para obra o servicio determinado.

2. Jornada: completa.

3. Servicio: servicios sociales, trabajador social del Ayuntamiento de Sandiás.

4. Sistema de selección: concurso de méritos.

5. Duración del contrato: según la necesidad de la contratación.

6. Plazo y lugar para la presentación de solicitudes: 10 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento, de lunes a viernes en horario de 9:00 a 14:30 h.

El texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Sandiás, situado en las oficinas municipales, en la página web (www.sandias.es) y en la sede electrónica.

Los anuncios sucesivos se publicarán exclusivamente en la página web del Ayuntamiento de Sandiás, en la sede electrónica y en el tablero de anuncios del Ayuntamiento de Sandiás.

El alcalde. Firmado digitalmente en el margen.

R. 2.904

Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense

Anuncio de cobro de imposto/taxa

Os concellos de Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas aprobaron as listas cobratorias correspondentes ao exercicio 2018 do imposto sobre actividades económicas (IAAE).

Asemade, os concellos de Paderne de Allariz e Parada de Sil aprobaron a taxa polo servizo de subministración de auga e canon da auga da Xunta de Galicia do 2º trimestre de 2018.

A partir da publicación deste anuncio ábrese un prazo de información, no cal as listas correspondentes a estes tributos estarán a disposición dos interesados nas oficinas dos concellos durante o prazo dun mes.

O período de cobranza voluntario para estes impostos fíxase dende o día 1 de outubro de 2018 ata o día 30 de novembro de 2018.

Forma de pago: todos os recibos que non estean domiciliados en contas bancarias serán enviados por correo aos domicilios dos contribuíntes, para que estes poidan facelos efectivos nas oficinas bancarias indicadas neles. No caso de non recibilos nas datas sinaladas, deberán dirixirse a "Catoure, SL", na rúa Noriega Varela, n.º 6, baixo, de Ourense.

Medios de pago: serán os establecidos nos artigos 33 ao 41 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005, do 29 de xullo).

Recursos: contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este poderase formular un recurso de reposición ante o presidente dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte á finalización do período de exposición pública do padrón, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, sen que ambos os dous se poidan interpor simultaneamente.

Advertencia: unha vez transcorrido o período de pago voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aboarase a recarga correspondente, os xuros de demora e, se é o caso, as custas que se produzan. A non recepción do documento de pago non exime da obriga do seu aboamento no período voluntario fixado, sendo obriga do contribuínte solicitalo, no caso de non recibilo.

De conformidade co previsto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio (DOG n.º 119 do 22-06-2012), advérteselles aos contribuíntes que a falta de pago do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende a publicación deste anuncio no BOP.

Paderne de Allariz, 13 de setembro de 2018. O presidente.

Asdo.: José Manuel Fernández Gómez.

Documento asinado dixitalmente.

Mancomunidad Voluntaria de Ayuntamientos de la Comarca de Ourense

Anuncio de cobro de impuesto/tasa

Los ayuntamientos de Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar y San Cibrao das